






NUMAX PRESENTA:

70 | OUTUBRO 2023



Orlando
Virginia Woolf
IRMÁS CARTONÉ
12,50 EUROS



Diario del ladrón
Jean Genet
CABARET VOLTAIRE
21,95 EUROS




Una voz para Erauso. Epílogo para un tiempo trans. Cabello / Carceller
VVAA
AZKUNA ZENTROA
ALHÓNDIGA BILBAO
24 EUROS




Mis recuerdos
Abel Barbin
CULTURA
TEMPORAL
EDITORA
16,90 EUROS

Orlando, a miña biografía política


O próximo 11 de outubro chega á nosa sala *Orlando, a miña biografía política* do filósofo e director **Paul B. Preciado**. Este filme é unha carta á Virginia Woolf, autora desta novela escrita no século XX e que foi a primeira da historia na que o personaxe principal cambia de sexo no medio da trama. Para acompañar a chegada da película á NUMAX realizamos este itinerario con libros do filósofo e outras referencias bibliográficas relacionadas co filme.



Dysphoria mundi
Paul B. Preciado
ANAGRAMA
21,90 EUROS



El cuerpo lesbiano
Monique Wittig
PRE-TEXTOS
15 EUROS



Yo veo / Tu significas
Lucy R. Lippard
CONSONNI
24 EUROS



Primavera con Monique Wittig
Leonor Silvestri
QUEEN LUDD
13 EUROS



Historia de lo trans
Susan Stryker
CONTINTA-METIENES
18,95 EUROS



Presentacións | Outubro

XOVES 5 ÁS 20:30H

Presentación de *Solo quería bailar* da escritora e bailarina **Greta García** (Tránsito), participa a autora acompañada por **Berta Dávila**.

MÉRCORES 18 ÁS 20:00H

Conversa literaria *Etceteramente: Espazos para habitar e espazos para crear*, coa xornalista e escritora **Marga Tojo** e o escritor **Xelís de Toro**.

XOVES 19 ÁS 20:00H

A ilustradora **Nuria Díaz** presenta o libro *Alfred Hitchcock: el niño que filmó el miedo* (Libre Albedrío) acompañada pola comunicadora **Ana Gayoso**.

VENRES 20 ÁS 20:00H

Presentación de *Hontoria* de **Juan Carlos Galindo** (Salamandra).

MARTES 24 ÁS 20:00H

Presentación de *O tempo dos lagartos* de **Raquel Senra** e **Carlos Negro** (Galaxia) coa presenza dos autores acompañados por **Marcos Calveiro**, modera **Diego Horschovski**, director do Festival Luz Poética.

XOVES 26 ÁS 20:30H

Presentación *El público de la arquitectura* de Giancarlo de Calo (Bartlebooth).
Interven **Brais Estévez** e **Cristina Botana**.



Librería NUMAX
Venres 27 de outubro
ás 20:30 h

Veladas Analóxicas

04

Jesús
Castro
+ Marcelo
Criminal

«Preguiza
e lentitude»



NUMAX





Cinema



**Filme
do mes:**

O CORNO ESTREA 11 OUT

Jaione Camborda, 103', GAL, VO


Con Janet Novás, Siobhan Fernádes

Illa de Arousa, 1971. María é unha muller que se gaña a vida mariscando. Tamén é coñecida na illa por axudar outras mulleres nos seus partos con especial dedicación e coidado. Tras un inesperado suceso, vese obrigada a fuxir e comeza unha perigosa travesía que a vai facer loitar pola súa supervivencia.

Buscando a súa liberdade, María decide cruzar a fronteira por unha das rutas de contrabando entre Galicia e Portugal.

Tras enfeitizarnos coa súa opera prima, *Arima*, e as súas hipnóticas curtametraxes, a cineasta vasca afincada en Compostela Jaione Camborda asina o seu traballo máis ambicioso, seleccionado en competición oficial de Toronto e San Sebastián.

 **Cunha de Ouro Donostia 2023**



Dispararon al pianista
Fernando Trueba / Javier Mariscal
Salamandra Graphics, 39€

DISPARARON AO PIANISTA **ESTREA 6 OUT**

Fernando Trueba /
Javier Mariscal, 103', ING, VOSE, +12
Con Jeff Goldblum (narrador)

Un xornalista musical de Nova York comeza unha trepidante investigación tras a misteriosa desaparición en Argentina de Tenorio Jr., un virtuoso pianista brasileiro de quen non se volveu saber nada desde 1976. A banda sonora inclúe pezas de Caetano Veloso, João Gilberto ou Vinicius de Moraes.

Sección Oficial Donostia 2023



Orlando
Virginia Woolf
Alma Editorial, 15,95€

ORLANDO, A MIÑA AUTOBIOGRAFÍA POLÍTICA **ESTREA 11 OUT**

Paul B. Preciado, 98', FR-ESP, VOSG
Con Paul B. Preciado, Oscar-Roza Miller

En 1928, Virginia Woolf publica *Orlando*, a primeira novela na que o personaxe principal cambia de sexo no medio da historia. Un século máis tarde, o filósofo Paul B. Preciado decide escribirlle unha carta a Virginia Woolf: o seu Orlando saíu da ficción e leva unha vida que endexamais tería imaxinado.

Premio Especial do Xurado Berlinale 2023



BIDASOA 2018-2023 **ESTREA 20 OUT**

Fermín Muguruza, 71', EUS, VOSE

O control policial e peche dalgúns pasos da fronteira natural do río Bidasoa para evitar a entrada dos migrantes en tránsito, provocou 10 mortes nun ano. Este documental, ademais de dar voz a varias das activistas a un lado e ao outro do río, recorda aos que perderon a súa vida, dando a coñecer as historias e as persoas que se esconden tras as frías cifras de falecidos.



ESTA AMBICIÓN DESMEDIDA

ESTREA 26 SET

**Santos Bacana / Cristina Trena /
Rogelio González, 135', ESP, VO**
Con C. Tangana

Despois do éxito do disco *El Madrileño*, C.Tangana enfróntase ao reto de crear a xira máis ambiciosa da súa carreira e revolucionar o concepto do directo. Unha viaxe que segue ao artista durante máis de catro anos.

🏆 **Velódromo Donostia 2023**



O RAPAZ E A GARZA

ESTREA 27 SET

Hayao Miyazaki, 124', XAP, VOSE

Un rapaz chamado Mahito, que bota en falta a súa nai, aventúrase nun mundo compartido polos vivos e os mortos. O mestre Miyazaki asina para o Studio Ghibli unha fantasía sobre a vida, a morte e a creación, adaptación de libro homónimo de Genzaburo Yoshino.

🏆 **Sección Oficial Donostia 2023**

Os ollos verdes



MISIÓN A MARTE **PASE ÚNICO 4 OUT**

Amat Vallmajor del Pozo, 80', EUS, VOSE
Con Txomin del Pozo, Gerardo del Pozo

Nun País Vasco post-apocalíptico, dous irmáns parten nunha misión a Marte. Txomin, un arqueólogo vasco en paro, recibe o encargo dunha peritaxe en Marte. Co seu irmán Gene ao volante, parten de Eibar nunha aventura polo norte da Península.

🏆 **Premio Latexos Novos Cinemas 2022**

i **Presentación
e coloquio co director**

Foco Orson Welles



MACBETH PASE ÚNICO 10 OUT

Orson Welles, 105', ING, VOSE, 1948

Con Orson Welles, Jeanette Nolan

Inglaterra, Idade Media. Macbeth é un nobre cabaleiro escocés. Un día, despois dunha batalla na que gaña o favor do monarca, encóntrase con tres bruxas que profetizan que algún día chegará a ser Rei. Primeira peza da mítica serie de adaptacións shakespearías de Orson Welles.



OTHELLO PASE ÚNICO 17 OUT

Orson Welles, 91', ING, VOSE, 1951

Con Orson Welles, Suzanne Cloutier

O Mouro de Venecia, un oficial namorado de Desdémona, deberá loitar contra o seu futuro sogro, Brabancio, que non desexa casar a súa filla cun home negro. Deseguido Yago sementará a sospeita en Othello, facéndolle crer que a súa muller é infiel.

🏆 Gran Premio do Xurado Cannes 1952



MÍSTER ARKADIN

PASE ÚNICO 24 OUT

Orson Welles, 100', ING, VOSE, 1955

Con Robert Arden, Orson Welles

Un mariñeiro encontra un home moribundo que antes de falecer di un nome: Míster Arkadin. Despois dunha serie de pesquisas dá co misterioso personaxe: un millonario, dono dun imperio industrial e financeiro, que vive encerrado coa súa filla nunha mansión da Costa Azul.



FRAUDE PASE ÚNICO 30 OUT

Orson Welles, 85', ING, VOSE, 1973

Con Oja Kodar, Orson Welles

Filme-ensaio que se centra na figura do falsificador Elmyr de Hory e o seu biógrafo, Clifford Irving, autor da fraudulenta biografía de Howard Hughes. Orson Welles, cuxa carreira comezou coa falsa invasión marciana d'A guerra dos mundos, reflexiona sobre a deliciosa mentira das obras de arte.

Día pola Despatoloxización das Persoas Trans



i Presentación e coloquio
coas directoras

ALEX & MUNCHIE: CONTRA O CISHETEROPATRIARCADO

PASE ÚNICO 22 OUT

Con Xácia Ceive / Carmen Granxeiro, 84',
GAL, VO

Xácia Ceive e Carmen Granxeiro mergúllanse no mundo das súas personaxes, Alex e Munchie, unha traballadora sexual e unha aspirante a directora de cinema, respectivamente, nunha ficción documental que explora o que significa representar vidas trans, cuir e lésbicas na arte.

Especial Noite de Samáin



ASALTO Á COMISARÍA DO DISTRITO 13

PASE
ÚNICO 31 OUT / 22:00H

John Carpenter, 90', ING, VOSE, 1976

Con Austin Stoker, Darwin Joston

Un policía de Los Angeles recibe o seu primeiro destino nunha comisaría que está a ser trasladada a un novo edificio. O director d' *A noite de Halloween* (1978) asina un filme de culto da serie B inspirado en *Río Bravo* (1959), de Howard Hawks, e *A noite dos mortos vivos* (1968), de George A. Romero.



O DÍA DOS MORTOS

PASE ÚNICO 31 OUT / 23:50H

George A. Romero, 102', ING, VOSE, 1985

Con Lori Cardille, Terry Alexander

Os zombies apoderáronse do planeta e o número de humanos redúcese a un por cada 400.000 mortos vivos. Clásico do cinema de zombies dirixido por George A. Romero —director d' *A noite dos mortos vivos* (1968)— co que nos adentramos na Noite de Defuntos.

🏆 Mellor Actriz Sitges 1985

↑ O corno (Jaione Camborda) ESTREA O 11 DE OUTUBRO

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

   Síguenos en @numaxcoop

AAAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**
